

INFORME SOBRE A VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DOS SOBRES Nº 2 SUXEITA A AVALIACIÓN PREVIA DA LICITACIÓN DA OBRA DENOMINADA “RESTAURACIÓN DE INFRAESTRUCTURA VERDE MUNICIPAL. SENDA COSTEIRA CANIDE – MERA.”

ANTECEDENTES:

Con data 18 de xullo de 2024 tivo lugar a apertura dos arquivos ou sobres electrónicos nº 2, subtitulados ‘Referencias técnicas’ das ofertas presentadas polas empresas admitidas á licitación da obra denominada “Restauración de infraestrutura verde municipal. Senda Costeira Canide - Mera”. Remitidas ao Departamento de Obras Públicas, o Arquitecto Técnico Municipal que asina o presente,

INFORMA:

Os criterios de valoración serán os recollidos no Anexo XI do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para esta licitación, e dentro destes estudarase especialmente o seguinte:

As empresas deberán presentar un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das distintas unidades a realizar en cada prazo. Deberá incluír:

- a) Unha **memoria explicativa** e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.
- b) Un **gráfico da execución das distintas unidades de obra**, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o orzamento mensual por contrata a prezos de proxecto (analizado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación, supoñerá a non admisión da oferta.
- c) **Análise específica dos condicionantes externos** á obra que poidan influír na execución e planificación dos traballos, así como as medidas propostas para causa-lo menor prexuízo posible á boa marcha das obras e para xerar os menores problemas posibles aos cidadáns (mobilidade, accesibilidade, afeccións a terceiros, afeccións ambientais, etc...). Esta análise deberá abranguer polo menos os puntos seguintes:
 - Incidencia das obras, ou nestas, polo tráfico de vehículos e persoas pola zona afectada polas obras, especialmente en zonas e épocas de maior afluencia de persoas e actividades municipais. Deberanse describir espacial e temporalmente a afección á zona de actuación, a sinalización orientativa provisional o balizamento requirido, os requirimentos normativos, a forma de execución das obras para facilitar o paso de peóns, etc..., achegando os planos e esquemas necesarios para a súa mellor comprensión.
 - Calidade do equipo asignado para a execución da obra e dos materiais de execución, incluíndo unha descrición dos equipos, tanto humanos como materiais, que a empresa se compromete a destinar para a realización da obra.

A presentación da oferta técnica deberá axustarse á ordenación establecida e recollerá explicitamente os apartados e subapartados sinalados nos criterios de adxudicación, non podendo superar o número máximo de follas* fixado para cada epígrafe segundo a táboa 1. O incumprimento de calquera destas condicións anulará a avaliación do devandito apartado.

As ofertas realizaranse exclusivamente en fonte Arial, tamaño mínimo de letra 11 e entreliñado sinxelo.

TÁBOA 1

CRITERIO SUBJECTIVO		Nº follas máximo	Formato
a)	Memoria descritiva do proceso de execución e análise pormenorizada do proxecto	15	A4
b)	Diagrama de Gantt desenvolvendo as unidades de obra	3	Máximo A1
c)	Análise específica dos condicionantes externos á obra	10	A4

En concreto, en cada unha das ofertas presentadas polos licitadores, observáronse as seguintes cuestións:

As dúas ofertas presentadas son moi similares en canto á estrutura das mesmas e á información aportada.

Así, a oferta presentada pola empresa **CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.** é moi completa en tódolos apartados:

Efectúase unha descrición moi detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, así como da definición das características dos principais materiais, con certificados de calidade e relación de provedores e subcontratistas, con cartas de compromiso de colaboración.

A descrición das instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra considérase adecuada, aínda que se presentan no apartado de condicionantes externos.

No referente ao Programa de Traballos, considérase coherente, con cálculo de rendementos por unidade de obra e composición dos diferentes equipos, así como o desenrolo do Diagrama de Gantt.

O estudo de condicionantes externos analízase en profundidade, con identificación de tódalas afeccións ao entorno, aos accesos, ao medioambiente, focos de atracción, peóns, considerándose moi completo.

A calidade do equipo asignado, tanto de medios humanos como materiais, considérase adecuado.

A oferta presentada pola empresa **JARDINERÍA ARCE, S.L.** é tamén moi completa en tódolos seus apartados, aínda que destaca un pouco mais o anterior licitador no referente á análise de condicionantes externos.

Así, a memoria explicativa da forma e orde de execución dos traballos é completa e se desenrola en profundidade en tódolos apartados a avaliar, cunha definición correcta da forma e orde de execución das unidades de obra, aínda que non se establece como premisa fundamental de partida e inicio dos traballos a aprobación do PSS.

A definición da calidade dos materiais efectúase dunha maneira correcta, co detalle do proceso de seguimento da calidade a levar a cabo durante a execución dos traballos e relación dos principais provedores, con cartas de compromiso de colaboración.

Defínense dunha maneira moi completa e detallada tódolos procesos construtivos, con identificación dos medios materiais e humanos a utilizar en cada unidade de obra.

As instalacións que o contratista comprométese a empregar na obra considéranse adecuadas.

O Diagrama de Gantt presentado considérase coherente e correctamente desenrolado, con base nun cálculo de rendementos e composición dos equipos.

A análise de condicionantes externos é relativamente completa, aínda que sen chegar ao nivel de identificación do outro licitador.

A calidade do equipo asignado e dos materiais a empregar considéranse adecuados.

De todo o anterior, resulta a seguinte valoración da ofertas técnicas presentadas:

	CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	JARDINERÍA ARCE, S.L.
VALORACIÓN	42,00	40,75

O que se informa aos efectos oportunos na data da sinatura dixital.

Asdo.: José Luis Jares Vázquez
Arquitecto Técnico Municipal